

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2021 pola que se modifican os prazos para a anualidade 2021 establecidos nos artigos 4 e 25 da Resolución do 1 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia (programa Talento sénior), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento IN858A).

O 15 de marzo de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 1 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia (programa Talento sénior), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

O artigo 4.1 desta resolución establecía os seguintes prazos de xustificación:

Serán subvencionables ao abeiro desta convocatoria as contratacións de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia, que se formalicen desde o día 1 de xaneiro de 2021 ata o 1 de outubro de 2021, ambas inclusive.

O artigo 25.1.A desta resolución establecía os seguintes prazos de xustificación:

Primeira anualidade: o 50 % do importe concedido no prazo de 10 días hábiles contados a partir da data do contrato subscrito e, en todo caso, antes do 1 de decembro de 2021.

Tendo en conta a demora na resolución das devanditas axudas, motivada pola complexidade do seu proceso de avaliación, e co fin de viabilizar os procesos de execución e xustificación das axudas concedidas para o ano 2021 por parte dos beneficiarios resultantes e dado que non causa prexuízo a terceiros, considérase necesario ampliar o prazo de xustificación para o ano 2021 establecido nos artigos 4.1 e 25.1.A da convocatoria.

CVE-DOG: ei5otsj5-r7y5-66c0-z2o1-1w4srfipis99



En consecuencia, no exercicio das facultades que me confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación, e coa habilitación outorgada pola disposición derradeira primeira da resolución da convocatoria,

RESOLVO:

Artigo único. Modificación dos artigos 4.1 e 25.1.A da Resolución do 1 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia (programa Talento sénior), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

O artigo 4.1 da citada resolución queda redactado do seguinte xeito:

Serán subvencionables ao abeiro desta convocatoria as contratacións de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia, que se formalicen desde o día 1 de xaneiro de 2021 ata o 1 de decembro de 2021, ambos inclusive.

O artigo 25.1.A da citada resolución queda redactado do seguinte xeito:

Primeira anualidade: o 50 % do importe concedido no prazo de 10 días hábiles contados a partir da data do contrato subscrito e, en todo caso, antes do 10 de decembro de 2021.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: ei5otsj5-r7y5-66c0-z2o1-1w4sfipis99

